

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Íñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García Señorán, M^a del Mar
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel
Domínguez Blanco, Santiago
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán
Estévez Orge, Marcos
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Vera Isasa, María

INVITADOS

Lourdes Lorenzo García
José Francisco Montero Reguera
Fernando Ramallo Fernández

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 2 de xuño de 2020, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 2 de xuño de 2020 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e outros seis membros asisten presencialmente no Paraninfo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un streaming con contrasinal por Uvigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*
- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*
- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*
- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria que manifestaron interese en asistir á reunión poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cunha contrasinal que se lles comunicará antes do comezo da mesma.

O reitor fai unha introdución relativa aos aspectos técnicos de desenvolvemento desta sesión, que poderían servir de aproximación ao que suporán as clases de docencia presencial remota.

Quere que conste o seu agradecemento a María Consuelo Pérez Vázquez (vicerreitora de Transferencia) e a Óscar Rubiños López (comisionado) que deixaron o equipo.

Os puntos da orde do día son os seguintes:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2020.

Recibiuse unha alegación ao contido da acta que non deu lugar á súa modificación e que foi respondida pola Secretaría Xeral.

Apróbase por asentimento a acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2020.

2.- Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

Fala, en primeiro lugar, dos movementos de alumnado entre provincias, expoñendo un cadro segundo os datos proporcionados pola Delegación do Goberno. Expón como se abordou a cuestión, coa redacción inicialmente de máis de 300 documentos distribuídos entre o alumnado. Indica que o luns 18 de maio, nunha xuntanza coa Consellería, comunicouse que o inicial acordo acadado a este respecto só ía ter validez legal co visto e prace da Delegación do Goberno e que o martes 19 de maio íase publicar no DOG. Unha vez publicado, enviaríasele o DOG ás persoas ás que xa se lles fixera chegar o permiso de desprazamento, para comunicarlles que mentres non se pronunciase a Delegación do Goberno, o documento non lles serviría se as paraban na estrada. Estamos á espera dese pronunciamento da Delegación do Goberno (con arredor de 200 documentos xa redactados pendentes de enviar ás persoas solicitantes). Neste momento, unha vez na fase 2, emitimos documentos que esperamos que sexan útiles, pero non garantimos que o sexan.

En canto ao desconfinamento, unha vez comunicado que en Ourense e en Pontevedra se procedía a permitir o desconfinamento, tiveron lugar as seguintes xuntanzas:

- Coa representación sindical do PDI e do PAS. Acordouse un procedemento para levar adiante o proceso.
- Co Servizo de Prevención de Riscos Laborais.
- Co Comité de Saúde.
- Coa mesa de negociación do PAS.
- Coa representación sindical do PDI.

Como resultado destas xuntanzas, foise modificando o documento inicial e publicouse un calendario do desconfinamento.

Sobre o pagamento de complementos do PDI contemplados como compromiso electoral, sinala que este ano, tal e como se anunciou, procederemos a pagar a metade da cantidade prevista (na paga de xullo e na de decembro). Se non hai cambios obrigados pola normativa estatal, ambas as dúas cantidades están nos orzamentos. O ano que vén pasaríamos a tres medias pagas e o seguinte, por fin, ao pagamento íntegro (dúas pagas completas). O custo total da medida no pagamento da

primeira extra é de 261.495 € (217.195€ PDI funcionario, 44.295 € PDI laboral). En decembro a cantidade será semellante.

En canto aos graos abertos, por mor da pandemia, finalmente quedou unha única proposta (ámbito tecnolóxico no campus de Ourense) que finalmente non se puxo en marcha por non ser aprobada na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. O ano que vén esperamos saír adiante con, polo menos, dúas propostas (no ámbito das Ciencias no campus de Vigo e no Xurídico-Social en Vigo).

En relación coa xuntanza da CRUE do 13 de maio, o reitor informa dos seguintes aspectos:

- Bolsas: segue a haber certo consenso en que hai necesidade de mudar os criterios (económicos máis que académicos) e cubrir máis necesidades.
- Financiamento: Hai nubes no horizonte e pídeselle ao Ministro que interveña para dar pé a que cada universidade pida na súa comunidade autónoma.
- Sexenio de transferencia: algunhas universidades / autonomías xa o están a pagar. Non está asegurado o financiamento, debería chegarse a un acordo. Solicítase aclaracións por parte do Ministerio, garantías e, de selo caso, financiamento para levar a cabo as desgravacións docentes.
- Contratación de profesorado: levantamento de suspensión de prazos. Indícase que as universidades poden acollerse ao levantamento e seguir cos procedementos de contratación de profesorado.
- Quérese medir o impacto real na sociedade dos investigadores individuais (en vez de índices h, JCR e demais).
- Estase a negociar coas catro grandes compañías editoriais (Wiley, ACS, Springer e Elsevier). A universidade española paga 43 millóns de € anuais.
- Quérese incluír a perspectiva de xénero no proceso de acreditación.
- Asíñase un convenio CRUE-Ministerio-ANECA para o estudo da fenda salarial.
- Débese traballar na conciliación nas universidades. Pensa que debemos dar exemplo a este respecto.
- Fondo Supera-COVID. Hai tres eidos de proxectos. TIC: Brecha dixital (1.921.000 euros dispoñibles, 5.850.000 € solicitados): á Universidade de Vigo, correspóndenlle 400 mifis e 24 portátiles. En probas de carga das LMS: 75.000 euros. Reforzamento das plataformas virtuais: 500.000 euros (plataformas paralelas para exames, a disposición da comunidade universitaria).
- Segunda liña: Investigación para a saúde: Apoio a proxectos xa financiados nos que se sume unha nova universidade ou centro de investigación: hai xa 19 proxectos. Segunda liña: novos proxectos. Aberta ata decembro, pero os cartos esgotaranse en verán. Hai xa 130 novos proxectos presentados. Terceira liña: material, tecnoloxía: hai 30 proxectos xa presentados para xerar e fabricar dispositivos. Salustiano Mato explica que se van concedendo os “top” e os outros non se denegan, quedan á espera.
- Terceira liña: responsabilidade social. Hai 18+37 proxectos neste eido e habería que tentar presentar algúns nesta liña tamén.
- Regulamento do Estudantado e Estatuto do Persoal Docente e Investigador: estase traballando.
- Propoñen que o curso 20/21 sexa bimodal (presencial/non presencial)

- Obriga do BOE: comunicar calquera contaxio na Universidade. Responsable: o reitor. Podemos pedir declaración responsable do cadro de persoal, para que comuniquen os eventuais contaxios. En setembro os estudantes tamén teñen a obriga de comunicar os positivos.
- Avaliación a distancia: encómianse da redacción do documento en tempo récord.
- Sectorial de docencia: Contestaron dúbidas sobre a problemática de 1) ensinanza a distancia 2) avaliación online.
- Ataques de denegación de servizos: puxéronse en contacto co centro criptográfico nacional.
- Estudantes: dúbidas sobre a extensión do seguro escolar á actividade que vai máis aló do período oficial de clases / exames. Chegou un documento do Ministerio que di que cubre o seguro, pero está sen asinar.
- Prácticas en empresas: mentres non haxa docencia presencial, non enviaremos alumnos porque non son traballo (que é o que está permitido na fase II).
- Acreditación en áreas (especialmente saúde) nas que hai poucas posibilidades de cubrir docencia: CRUE falou con ANECA e barállase abrir a man, contemplando que cursos de innovación docente, dirección de TFG, TFM puidesen cubrir ese oco nos currículos.
- Indícase que hai que interpretar con flexibilidade os contratos externos de asociados que poidan estar afectados por ERTes.
- Internacional: Erasmus. SEPIE fixo chegar un cuestionario a tódolos alumnos e estase a traballar co Ministerio. Espéranse recomendacións OCDE – Cooperación.
- Plantéxase se se pode considerar estada fóra (necesaria, por exemplo, para teses internacionais) o traballo online.
- Algunhas universidades xa pecharon os intercambios do primeiro cuadrimestre, outras están esperando a tomar a decisión. Curiosamente, ademais de Vigo, as máis proclives son Baleares (que xa pechou) e Canarias, que ten dúbidas polo que trasladaría cara ó turismo do que viven as illas. Informarase a este respecto das novidades que haxa.
- Expón un breve panorama comparado de distintas universidades nacionais en canto ás medidas adoptadas no marco da pandemia.

O reitor pasa a informar das solucións adoptadas durante o presente curso, comezando pola docencia. Sobre o xemello virtual desenvolvido na solución baseada nunha aplicación de código aberto (BigBlueButton) o reitor destaca que se trata dun desenvolvemento propiedade da UVigo, modificado varias veces para conseguir adaptalo ás peticións dos centros e do PDI. No CPD e na nube alugamos cada vez máis recursos para que a ferramenta poida atender as necesidades crecentes. Estase a integrar parte da plataforma de teledocencia. Foi clonado o espazo físico (aulas, seminarios, salas de xuntanzas... e os despachos individualizados do profesorado). Trátase dunha solución única nas universidades públicas españolas, base para o desenvolvemento dun sistema mixto, en caso de necesidade. Expón un cadro comparativo con outras universidades do panorama nacional. Entende que a solución proposta pola Universidade de Vigo é moito mellor desde o punto de vista docente e técnico, neste contexto excepcional, que poderá aproveitarse cara ao futuro, sen prexuízo da preferencia pola docencia presencial.

O reitor informa sobre a fenda dixital e as distintas solucións levadas a cabo:

- Fai unha comparativa coas solucións adoptadas pola Universidade da Coruña e a USC, que foron menores, a nivel económico, que a da Universidade de Vigo. Fala asemade dos resultados de outras universidades nacionais, entre as que destaca a Universidade de Vigo. Agradece a colaboración dos equipos decanais neste proceso, canalizando as peticións. Destaca que ningunha petición do estudantado neste eido quedou desatendida.
- Mercáronse equipamentos para 400 persoas que lles foron enviados ás súas casas. Válidos por 4 meses con 103 GB por mes.
- A través do fondo SUPERA-COVID (Santander-Universidades) chegaronnos 400 equipos adicionais (unicamente tarxetas SIM válidas para dous meses).
- Empréstimo de ordenadores: 50 ordenadores, entre os prestados polos centros e os prestados de xeito centralizado.
- O fondo SUPERA-COVID (Santander-Universidades) fíxonos chegar 24 ordenadores adicionais.
- Finalmente non foi preciso enviar pendrives, xa que se atopou unha solución para todos os casos.
- Para todo o estudantado afectado pola falta de ordenador ou por problemas de conectividade, buscouse unha solución.
- Para os temas económicos sobrevidos tomáronse varias medidas:
 - Non perder dereitos (docencia, exames) aínda con prazos de matrícula non cubertos.
 - Novas bolsas específicas para as situacións sobrevidas (150.000 €).

En relación co ataque sufrido pola plataforma Faitic, indica que algúns estudantes non puideron entrar en Faitic, pero o sistema non caeu. Simplemente, a porta estaba pechada para non saturar o sistema. Como conclusión deriva que precisamos reforzalo no futuro e localizalo fóra dos ataques. A nosa intención é que o vindeiro curso teñamos un Faitic máis capaz, con mellor entrada e totalmente actualizado, baseado en Moodle. Queremos que estea integrado en Campus Íntegra.

O reitor expón asemade os resultados das enquisas feitas ao alumnado sobre docencia virtual, en que consistirá o denominado “Campus Íntegra” e indica os custos que supuxo a posta en marcha do “Campus Remoto” (25.000 euros en total). Mostra exemplos das distintas preguntas e das respostas obtidas. Quere que os resultados da mesma melloren cara ao curso que ven.

Adianta algúns dos problemas que deberemos afrontar cara ao inicio do curso académico 2020/21 e que serán obxecto esencialmente do documento que se debaterá no punto terceiro. O reitor expón un cadro das distintas situacións nas que nos podemos atopar: normalidade adaptada, docencia mixta e confinamento. Explica nun cadro as medidas que correspondería a cada unha das mesmas. A nosa aposta é por unha situación de normalidade adaptada (aínda que cunha probabilidade dun 20/30 %, que se incrementará cara ao segundo cuadrimestre do curso 2020/21). Posiblemente, atoparémonos ao inicio do curso académico 20/21, cunha probabilidade do 60%, nunha situación que requira acudir a ferramentas de docencia mixta (presencial física e remota) para a que deberíamos prepararnos canto antes, particularmente, cara ás necesidades de planificación do alumnado. Nun escenario non descartable (aínda que remoto, cunha probabilidade

do 10/20%) é posible un novo peche. O reitor agarda a colaboración dos centros cara a estes posibles escenarios e que sexamos capaces de mudar dun escenario a outro sen atrancos.

(Intervén no chat Xoán Cebro cunha pregunta para que a Universidade traslade á CIUG, aínda que no informe do reitor non aparecen as ABAU: parte do alumnado de bacharelato de Ourense vai ser examinado no pavillón universitario. O pavillón non ten climatización nin portas para ventilar. En xullo en Ourense poden chegar aos 35 graos e o alumnado non pode estar a esa temperatura facendo exames durante horas, có risco que iso supón. Non sei si noutros campus ocorre o mesmo).

Enlazando novamente coa idea do Campus Íntegra, nun escenario no que tal vez so poida asistir a clase 1/3 do estudiantado se persisten as medidas de distanciamento social. Pon algúns exemplos do problema de espazos nas aulas cara ao inicio do curso 2020/21. En moitos casos redúcense as capacidades das aulas ata un 20% ou incluso un 10%, dependendo do tipo de aula física. Felicita ao equipo da Vicerreitoría de Planificación polos estudos levados a cabo.

O Campus Íntegra sumaríase as aulas reais e o xemelgo virtual. O reitor describe as medidas mínimas previstas para a composición da aula íntegra:

- Para o estudiantado na aula: proxector no que se verán o encerado dixital e as presentacións.
- Altofalantes para escoitar ao estudiantado que está na casa.
- Micrófono para o profesorado (individual).
- Encerado dixital para o profesorado (individual).

Terá custos mínimos. O profesorado estará no ordenador da aula ou no portátil e non poderá utilizar o encerado. O profesorado é o que decide se se grava a sesión para facilitar o acceso á clase de xeito asíncrono. Podería optar por gravar unicamente a presentación e a súa voz.

Expón, así mesmo, a composición da aula íntegra avanzada, apoiándose en diversos gráficos e imaxes, que incluíría os seguintes elementos:

- Para o estudiantado na aula: proxector no que se vexan o encerado dixital e as presentacións.
- Proxector no que se vexa ao estudiantado conectado.
- Proxector no que se vexa a propia aula (opcional).
- Altofalantes para escoitar ao estudiantado que está na casa.
- Ordenador portátil con tableta para escribir no encerado electrónico.
- A posición do profesorado será perpendicular ao estudiantado na clase e á proxección do estudiantado conectado.
- Cámara web para gravar ao estudiantado presente na sala para que o estudiantado conectado poida ver o que sucede na aula.
- O profesorado pode estar visible a través da cámara web do seu portátil, se así o decide.
- Pódense gravar as clases para facilitarlle o acceso ao estudiantado.

Entende que o Campus Íntegra supón un compromiso co alumnado, aportándolles seguridade cara ás incertezas que se aveciñan no curso que ven.

Resume o reitor, asemade, a cronoloxía do acontecido co denominado programa DOING da Xunta de Galicia, deste xeito:

- 18 de maio, 17h.: presentación “viva voce” do avance do plan aos reitores. Dous eixos: sanitario (selo de centros saudables - SERGAS) e docencia mixta, con apoio a infraestruturas e accións diversas de tipo pedagóxico.
- Pola noite, envío do borrador aos vicerreitores.
- 19 de maio, xuntanza virtual do “comité de seguimento”.
- Venres 22, a Consellería anuncia que o retira. Quedamos en presentar unha alternativa ao plan consensuada polas tres universidades.
- Martes 26, entrégase a proposta pero a Consellería desconvoca. Os reitores publicamos un texto, e a Consellería volta á mesa de negociación.
- Xoves 28, nova xuntanza na Consellería. Acéptase valorar, en base ao documento presentado, liñas de financiamento propostas por cada universidade.
- Luns 1 de xuño, nova xuntanza coa Consellería.

O programa Doing foi unha resposta inicial da Consellería; financiamento por dous anos para algúns centros que se apuntasen voluntariamente. A redacción primeira non era moi afortunada. Redactouse por parte das tres universidades unha proposta alternativa. Seguimos negociando coa Consellería o financiamento de varias medidas para o curso 20/21 e 21/22. Se acepta os cambios, tentaremos que algúns centros que queiran traballar na organización de novos modos de docencia (*blended learning*) teñan axuda. En ningún caso imos permitir nin converter a universidade en non presencial, nin diminuír o número de docentes da nosa universidade. Tampouco parece que fora encamiñada cara a ese fin a proposta da Consellería. Aproveitaríamos para financiar Campus Íntegra (a suma de Campus Remoto e das aulas físicas) e varias iniciativas voluntarias relacionadas coa docencia mixta.

Comenta tamén, a este respecto, sobre o estudo elaborado por FEUGA, cara as ensinanzas universitarias. FEUGA é unha entidade sen ánimo de lucro e de dereito privado, fundada en 1982 e especializada na transferencia do coñecemento, innovación e tecnoloxía desde o sistema universitario de Galicia ao mundo empresarial e á sociedade en xeral. Ten unha tripla misión: impulsar o desenvolvemento tecnolóxico, social e económico de Galicia; acercar a competencia, a habilidade, a experiencia, o talento e o coñecemento da universidade ao mundo empresarial e á sociedade en xeral; e favorecer o dinamismo no tecido produtivo galego. Está rexida por un Padroado, do cal forman parte as tres universidades galegas. O presidente do Padroado é un dos reitores (neste momento, o reitor da UdC, Julio Abalde).

Fala do *blended learning* e anuncia os eixos do Plan de Impulso e Consolidación das Competencias Dixitais como Apoio á Docencia Presencial no SUG 2020-2021, que se pretende acordar coa Xunta polas universidades galegas. O obxectivo é a sinatura de convenios entre cada Universidade e a Xunta de Galicia a dous anos e con financiación. E as bases son: estar preparado para afrontar o curso 2020/21 nos diferentes escenarios posibles e aproveitar as experiencias adquiridas e o esforzo feito cara ao futuro. Os eixos fundamentais son os seguintes:

- Medidas sanitarias:
 - Elaboración de Plans de Prevención e Plans de Continxencias.
 - Provisión de material (EPIs, limpeza, ...)

- Infraestruturas docentes:
 - Mellora das existentes: plataformas, adquisición de equipamento de aulas, simuladores de prácticas,...
 - Eliminación da fenda dixital do alumnado.
- Outros: Promoción online das titulacións, adquisición de manuais en formato electrónico.
- Formación en competencias dixitais:
 - Formación básica en competencias dixitais para toda a comunidade.
 - Formación en metodoloxías e ferramentas docentes.
 - Desenvolvemento de materiais de calidade.
- Planificación académica:
 - Fomento da avaliación continua (con mecanismo alternativo).
- Medidas para etapa COVID19:
 - Dispoñibilidade de todo o material de todas as materias para todos os alumnos.
 - Mecanismos de titorías e comunicación.
 - Elaboración de materiais.
 - Alternativas non presenciais a prácticas e laboratorios.
- Plans de intensificación voluntarios (para titulacións):
 - Consecución de obxectivos adicionais dentro do ámbito do plan.

Haberá unha comisión de seguimento con representantes das tres Universidades, a Consellería e a ACSUG. En canto ás fases previstas, serán as seguintes:

- Fase de preparación (xuño-setembro 2020):
 - Definición de medidas por cada universidade.
 - Inclusión nas guías docentes.
 - Sinatura de convenios.
- Fase de implantación (curso 2020/21):
 - Comezo da implantación progresiva de medidas.
- Fase de avaliación (xuño-setembro 2021):
 - Avaliación de medidas por parte das universidades.
- Fase de consolidación (curso 2020/21).

Sobre as iniciativas levadas a cabo dende o Ministerio de Universidades, o reitor informa que na xuntanza de coordinación universitaria do xoves pasado o ministro comunicou que está preparando máis cartos para universidades, en dúas liñas de actuación, utilizando fondos europeos (está en negociación co Ministerio de Hacienda):

- Novas formas de ensinanza.
- Liñas estratéxicas de renovación pedagóxica.

Isto incluíría novos espazos de docencia, dixitalización, modelos híbridos (*blended learning*). O Ministerio creou un grupo de traballo para novas formas de ensino no que participa a Consellería (asiste o Secretario Xeral de Universidades).

Expón a continuación unhas gráficas que amosan as estatísticas de acceso a Fatic ao Campus Remoto. Fixéronse un total de 2066 gravacións no dito Campus.

Expón, finalmente, o custo das medidas xeradas pola COVID-19 para a Universidade de Vigo, así como do proxecto do profesor Claudio Cameselle neste contexto, que supera os 200.000 euros.

En relación co sexenio de transferencia, o reitor informa do seguinte:

- Estamos en negociacións, que van ben encamiñadas, coa Consellería. En canto nos confirmen que van proceder ao pagamento, daremos as ordes oportunas para que se implemente o seu pagamento na Uvigo.
- En canto exista regulación sobre os seus efectos, levarase á mesa de negociación a súa posta en marcha.
- Neste momento o único soporte documental é unha carta. Esperamos que a CRUE sexa quen de explicar que precisamos a publicación no BOE da normativa correspondente.

De xeito máis breve, o reitor informa sobre a III Olimpíada de Historia, o uso das aulas Cemit e a celebración do Día das Letras Galegas.

En canto á prórroga dos contratos aos investigadores, indica que a disposición adicional décimo terceira do Real Decreto-lei 15/2020, de 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, serve como base para que a Universidade de Vigo poida prorrogar a vixencia dos contratos predoutorais asinados por ela que finalicen dende o 2 de abril de 2020 e que se atopen dentro dos últimos doce meses de contrato. A prórroga destes contratos pode acordarse polo tempo de duración do estado de alarma e as súas sucesivas prórrogas. Así mesmo e por motivos xustificadas, "poderán prorrogarse os contratos por ata 3 meses adicionais ao tempo que na súa totalidade dure o estado de alarma". Sobre esta base lexitimadora, a Universidade de Vigo decidiu prorrogar por cinco meses, sen necesidade de xustificación adicional, os contratos predoutorais con cargo ás súas axudas propias de investigación que rematen entre o 2 de abril de 2020 e o 1 de abril de 2021.

O reitor responde a Xan Cebro que tras unha xuntanza recente mudouse a postura do delegado da CIUGA. Terase en conta a pregunta sobre a temperatura.

Íñigo Cuiñas pregunta se foi o venres 22 de maio cando a Xunta anunciou a retirada do plan DOING. O reitor informa que foi anunciado así na xuntanza que houbo cos propios reitores. Agradece a proposta construtiva da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións cara ás medidas a tomar e á súa financiación. Íñigo Cuiñas insiste na súa pregunta porque foi o xoves 21 de maio cando o vicerreitor pasou o documento aos decanos e directores, que estiveron a traballar entón nun documento xa retirado durante o 23 e 24 de maio, o que supuxo unha perda de tempo para eles. O reitor discrepa e aclara que o día 21 a Consellería aclarou que se retiraba da negociación. O reitor insistiu na idea o día 22 e ofertou unha alternativa ao plan proposto inicialmente, que estivo preparada o martes 26, aínda que a Consellería emitiu unha desabrida nota sobre este asunto. O reitor estima que debe ter liberdade para negociar coa Consellería, pero non sempre se pode adiantar todo o contido das mesmas a todos os órganos individuais, como son os decanos e directores. A proposta foi moi traballada desde todas as fronteiras, técnica, docente e xurídica. Agarda a colaboración dos decanos e directores cara ao futuro, aos que agradece o seu traballo. Nese momento concreto había que negociar unha axuda que podería perderse se as conversas coa Xunta fracasaban. Íñigo Cuiñas insiste na súa idea de que fora mellor ter comunicado aos decanos e directores o fracaso do documento e evitarlles un traballo innecesario. O reitor xustifica a súa decisión no marco das

negociacións e no exercicio das súas competencias no goberno da Universidade. Lembra que hai un punto da orde do día sobre este asunto e deixa a porta aberta para que se cre un comité de traballo sobre as posibles axudas que se poden solicitar, xa que será necesaria a colaboración dos centros, aínda que non descarta a posibilidade dun consello extraordinario. Íñigo Cuiñas síntese enganado no proceso, aínda que non descarta seguir colaborando noutros aspectos futuros.

Juan Jesús Rico Fuentes, dende o colectivo de estudantes, indica que o vaivén de documentos foi acollido con perplexidade, dados os prazos e o contido das medidas. Comparte a postura de Íñigo Cuiñas en canto aos mecanismos procedementais e de comunicación á comunidade universitaria. Agradece a profundidade do informe do reitor, aínda que pensa que debería terse facilitado previamente. Pensa que son preocupantes os resultados das enquisas de avaliación, e pensa que reflexan o descontento coa xestión da crise. O reitor comparte a preocupación manifestada cara a docencia e avanza que haberá outras enquisas. Tentará ser máis didáctico en informes futuros. Pensa que o documento DOING tivo algún aspecto positivo como xerador de expectativas financeiras na contorna desta crise, xa que os cartos son limitados. Pola banda da Universidade de Vigo non se propoñerán medidas radicais.

Emilio Fernández agradece o informe do reitor, moi extenso dada a excepcionalidade da situación. Entende que deberíamos partir dun consenso para tratar estas cuestións que se van abordar cara ao curso que ven. Pregúntase que non funcionou para poder acadar ese consenso. Entende que houbo unha distorsión polo programa DOING presentado pola Xunta. Non dubida da boa fe da Xunta de Galicia, pero desconfía dos cimentos da proposta, que ve débil e pobre no fondo e na forma. Bota en falta que se explicara como chegou o documento á comunidade universitaria e cal foi a resposta institucional, se é que a houbo. Isto xerou un clamor xeneralizado contra o documento, fose ou non intencionado pola Consellería, o que se detectou na súa resposta. Non está satisfeito co procedemento seguido, en particular, coa intervención de consultoría levada a cabo por FEUGA. Pensa que debemos ir onde queiramos nós e non onde nos leven. Cre que fallou o talante negociador e que a comunidade universitaria decatouse pola prensa de moitas actuacións. Maniféstase, no entanto, a favor de distintos aspectos do documento que se presenta no punto tres, pero tamén de retirar outras cuestións, particularmente en relación coa avaliación continua. Ofrece colaboración nesta situación de emerxencia para sacar adiante á Universidade de Vigo, como institución que debe ser defendida. O reitor agradece o ton institucional da intervención e maniféstase favorable ao diálogo. Concorde na defensa das Universidades públicas manifestada por Emilio Fernández.

3.- Aprobación, se procede, do conxunto de medidas extraordinarias e urxentes cara á docencia no curso 2020/21.

O reitor expón a filosofía básica do documento, destacando a preferencia pola docencia física presencial na Universidade de Vigo.

A continuación, cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para que faga a presentación do mesmo. Procede, en primeiro lugar, a amosar os distintos escenarios posibles, que van desde a normalidade adaptada (A) ata as restricións máis severas (C), pasando por un escenario mixto (B), e de como se afrontará a planificación do mesmo, os retos para o profesorado e os obxectivos a curto prazo (comezo do curso que ven), a medio prazo (todo o curso

que ven) e a longo prazo (dous ou tres anos) nos que poderán colaborar distintos grupos de traballo. Tamén fala das consecuencias da fenda dixital, tanto para o profesorado como para o alumnado, incluíndo unha fenda de formación en materias tecnolóxicas.

Continúa indicando que o artigo 64 dos estatutos da Universidade de Vigo establece os dereitos do alumnado, indicando que o estudantado da Universidade de Vigo, con independencia da súa modalidade de ensino, ten todos os dereitos recoñecidos na Constitución e no resto do ordenamento xurídico e, especialmente, os seguintes:

- f) A ser sempre avaliado, con obxectividade, no seu rendemento académico, segundo criterios de avaliación previamente establecidos e coñecidos con anterioridade ao período de matrícula.
- g) A ser avaliado en réxime de avaliación continua e a dispor como alternativa de probas de avaliación global.

Detalla a continuación as modalidades de docencia, segundo os distintos escenarios posibles (A, B e C), extraídas dun documento da CRUE:

- Presencial tradicional.
- Presencial modulada (modalidade mixta).
- Non presencial (excepcional).

A modalidade mixta caracterízase por estar activada por restricións sanitarias non severas: 33%-50% do alumnado presencial e o resto virtual (preferentemente síncrono). A modalidade non presencial implica peche de centros e seguimento virtual preferentemente síncrono.

Fala da solución técnica para o uso simultáneo das aulas físicas e das aulas virtuais:

- Acceso simultáneo ás presentacións.
- Interacción en pé de igualdade.
- Dotación mínima para cada aula.
- Difusión das clases en modo síncrono desde a aula física vía campusremoto.uvigo.gal
- Substitución do encerado normal por un virtual, visible na aula física a través do canón e a través de Campus Remoto.
- Aplicación de establecemento de quendas equitativas do alumnado.

En canto as melloras adicionais (Plans piloto)

- Reorganización física e mellora de equipamento dalgunhas aulas.
- Mellora de aulas informáticas do centro.
- Adquisición de materiais docentes para partillar co alumnado (fundamentalmente, manuais).
- Programas informáticos especializados e substitución de prácticas físicas por virtuais.
- Axudas á conectividade para o alumnado.
- Remodelación da páxina web do centro.
- Programa de creación de contidos dixitais en distintos formatos.

Indica, así mesmo, como sería o plan organizativo das clases prácticas e das prácticas en empresas, así como das probas de avaliación, nas que se refire ás infraestruturas necesarias.

Respecto da normativa de matrícula para o curso que ven indica que haberá:

- Advertencia de eventual gravación da voz ou da imaxe con finalidades docentes.
- Voluntariedade da gravación, indicando mecanismos de acceso en caso de negativa.
- Advertencia da posibilidade de gravación de probas de avaliación oral.
- Advertencia do posible uso de medios audiovisuais durante as probas de avaliación, incluíndo cámara e micrófono do ordenador e do móbil persoal.
- O uso docente posterior das gravacións no mesmo ano académico para o mesmo grupo de alumnos non precisará do consentimento do alumnado, unha vez aceptada a mesma.

En relación coas guías docentes, a estrutura manterase sen modificacións. Realizaranse addendas para o caso non presencial, contemplando:

- Docencia: para todas as actividades presenciais propóranse alternativas non presenciais. Garantía de acceso online á totalidade dos recursos materiais necesarios para superar a materia.
- Avaliación: primarase a avaliación continua.

As addendas enviaranse desde os centros antes do 15 de xuño á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, que as remitirá á Secretaría Xeral de Universidades e á ACSUG.

Comenta, así mesmo, sobre o plan de choque de formación do profesorado:

- Curso: Introducción á docencia en liña (08/06/2020 - 30/07/2020).
- Ciclo de conferencias de introdución á docencia en liña (03/06/2020-17/06/2020).
- Formación do profesorado do Grao virtual de Dirección e Xestión Pública (18/05/2020-03/07/2020).
- Cursos máis específicos en xuño/xullo:
 - Edición sinxela de vídeo e son para a publicación e difusión web.
 - Creación e tratamento de imaxes e fotografías.
 - Creación de infografías e deseños vectoriais.
 - Creación, xestión e mantemento de páxinas web con Wordpress no teu espazo web da @uvigo.
 - Deseño e creación de podcast educativos.
 - Introducción ao Flipped-learning I.
 - Metodoloxías activas na aula universitaria (Flipped-learning II).
 - Flipped learning universitario.
 - Introducción ao uso de laboratorios virtuais.
 - Introducción a Moodle.
 - Moodle avanzado.

Fala, para rematar, da guía de recomendacións para unha universidade segura (SERGAS), na Uvigo, obrigatoria para todos os centros. Aprobarase un plan de prevención específico por centro. Haberá un plan de circulación para cada un dos edificios docentes e unha persoa interlocutora coa

Dirección Xeral de Saúde Pública por centro que comunicará a organización de xornadas, congresos e outras actividades que xunten a persoas non habituais no centro, para a súa avaliación.

Aínda que houbo peticións de retirar este punto, o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado pensa que non se debería. O que procede e facer un debate sobre o documento presentado. Propón que o debate vaia punto por punto do documento.

María Vera Isasa, membro da AGPTU, quere presentar una queixa polo feito de traelo para a súa aprobación en Consello de Goberno sen levalo á mesa de negociación previamente, xa que entende que contén una serie de medidas que afectan directamente ás condicións de traballo do profesorado. Solicita que se retire a aprobación do documento completo, con independencia do debate que poida haber, para que se fagan aportacións na mesa de negociación. Entende que as demais forzas sindicais e a súa propia non terán inconveniente en reunirse tantas veces como sexa necesario. O reitor pregunta en que medida afecta ás condicións do PDI. María Vera sinala que os tres modelos distintos en que se vai impartir a docencia afectarán á formación e ao desempeño da labor do PDI, cuxo traballo se verá incrementado. Pensa que tería que terse preguntado ao PDI por medio de enquisa. Manuel Ramos entende que o equipo ten claro o que corresponde á negociación sindical, no punto de vista positivo e negativo, en canto ao que lle corresponde ao PDI. Non albisca materias que deban ser obxecto de negociación na mesa, segundo a normativa reguladora desta cuestión (art. 77 EBEP).

Eva María Lantarón é partidaria de colaborar, aínda que entende que as propostas do texto non se axustan correctamente ás necesidades da súa titulación, sobre todo no relativo ás prácticas, por diversas razóns que comenta. Pregunta, así mesmo, se o comezo do curso será o 7 de setembro. Agradece o traballo levado a cabo e confía na boa vontade da Reitoría, aínda que se amosa moi crítica co documento presentado pola Xunta de Galicia. O reitor aclara a situación respecto do calendario, xa que hai presións cara a comezar o día 21, por problemas de espazo relacionados coa ABAU. Haberá que agardar a que decida a Xunta, segundo as negociacións que se leven a cabo. Aclara que non estamos insistindo na docencia virtual.

Carmen Ruiz Hidalgo pregunta pola causa de desunión das tres Universidades cara ao futuro plan. Pensa que a urxencia das medidas a adoptar deben ser miradas con calma, dado que estamos próximos ao remate do estado de alarma. Entende que o punto tres do documento debería repensarse. Critica o punto relativo ao contido das guías docentes, así como o contido do punto sexto, relativo aos cursos de formación de profesorado. O reitor responde que xa hai un acordo coa oposición cara aos exames e probas de avaliación. Está de acordo en que o debate debe ser sosegado e que se deben respectar os estatutos, polo que debe garantirse a avaliación continua e o exame final para o alumnado.

Juan Pardo coincide en distintos aspectos que foron expostos xa. Coincide con Emilio Fernández na necesidade de acordos. Cre que o documento debería poder debaterse nos centros para facer achegas e aprobarse unanimemente. Parécelle importante que se decida nun prazo curto que se faga este debate nos centros, o que podería redundar na recuperación da confianza por parte da comunidade universitaria. Solicita unha marxe de tempo para poder ser estudado polos centros. O reitor contesta que Emilio Fernández propuxo retirar os puntos conflictivos, nomeadamente o 3.2 e 3.3. Dubida do procedemento a seguir, dado que estamos no órgano máximo de decisión da Universidade. Pregunta que puntos serían conflictivos. Juan Pardo entende que habería que debater

o punto relativo á avaliación. Manuel Ramos entende que non habería problema en retirar o punto 3 completo e regulamentalo para máis adiante e que hai consenso en que sexa así.

Íñigo Cuiñas quere facer constar na acta que a súa Escola pediu a retirada deste punto nunha Xunta recente. Pregunta se se retiraría completamente o punto 3 e pide unha aclaración sobre a data do 15 de xuño que aparece no punto 5. Manuel Ramos aclara que a data correcta sería o 15 de xullo (ou incluso o 20), e que se trata das guías docentes do curso que ven, non o 15 de xuño, como figuraba inicialmente.

Antonio Collazo indica que el tamén é partidario de retirar o punto inicialmente e que sería bo dispor dun tempo para analízalo con mais calma nos centros.

Mónica Siota comenta no chat que “boto en falta no documento medidas de conciliación da vida laboral e familiar (por exemplo, pode haber profesorado que teña que facerse cargo dos seus fillos pequenos se non teñen clase presencial) e tamén medidas para o persoal que sexa considerado de risco”.

No chat, Emilio Fernández aclara a súa proposta:

“1.- Dar autonomía a los centros y a los departamentos para que organicen la docencia mixta como mejor consideren.

2.- Mantener el apartado de clases prácticas.

3.- Retirar íntegramente el apartado sobre "probas de avaliación”.

4.-Consecuentemente, retirar el apartado de "Guías Docentes", en tanto en cuanto no se alcance un acuerdo sobre las pruebas de evaluación.

5.- No obligar a la grabación de las clases”.

José Manuel Cruz Freire súmase “a las propuestas que se acaban de decir, relativas a la retirada del punto, y dar un plazo corto de tiempo para su debate”.

No chat, Juan Enrique Pardo Froján cre “que sería bueno que se pudiera tener un margen razonable de tiempo para pulir el documento. Creo que ayudaría a resolver muchas cuestiones que están saliendo. Aprobarlo ahora podría ser algo precipitado. Aunque el punto III puede ser delicado, pero en los otros puntos también hay cuestiones que habría que pulir”.

Francisco Javier Rodríguez comenta sobre o punto I, en canto á definición da modalidade mixta, que pode dar certos problemas, xa que a definición é moi pechada. Quere que o texto reflecta as potencialidades para os centros de organizar estas modalidades. Pide que se expliquen mellor as distintas modalidades. No punto 2 non faría referencia ás cuestións concretas sanitarias, senón unha referencia máis xenérica ás medidas previstas polas autoridades. Quere que no punto 5 se detalle a dotación das aulas e sorpréndelle a existencia dun plan piloto no punto 6. No punto 7 está en contra do modelo proposto cara á conciliación.

No chat, Íñigo Cuiñas amósase “de acuerdo con Francisco Javier Rodríguez: el punto I.3 parece orientado a una metodología clara, limitando otras opciones mixtas, como hacer un flipped

adaptado a cada grupo de estudantes, por exemplo” e cre “como Juan Pardo, que es mejor retrasarlo y aprobar todo junto y debatido antes que aprobar trocitos”.

Susana Reboreda Morillo coincide coa puntualización de Francisco Javier Rodríguez.

Para Gil Garrote, “sería interesante que los aspectos más concretos (distancia entre alumnos, síncrono/asíncrono, etc) no se especificasen en este documento y se detallasen en la resolución rectoral cuando fuese necesario aplicarlo, para evitar contradicciones entre el documento y lo que pueda suceder entonces”.

Juan Pardo insiste en que parece necesario un maior sosego no estudo do documento, dadas as achegas recibidas. O reitor indica que dependerá do acordo que aquí se tome.

Emilio Fernández aclara que fixo a proposta cara a facilitar o consenso. Pero visto que se poden retirar os puntos de maior conflictividade, podería ser estudado polos centros.

Daniel Couto Cancela pensa que hai aspectos que precisan dun mínimo debate e amósase partidario de convocar outro Consello de Goberno extraordinario onde se poida analizar mellor, xa que os intereses do centros son moi diferentes respecto ao comezo do curso que ven.

O reitor pregunta cando se podería ter feito ese traballo polos centros. No chat, José Luis Míguez pide que as propostas se fagan chegar á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. Jacobo Porteiro indica que se fagan como emendas.

Luis Pérez propón que o punto sexa obxecto de debate nun Consello Extraordinario. O secretario xeral debate brevemente con Luis Pérez. O reitor concorda en celebrar un Consello Extraordinario.

Acórdase que ata o luns 8 ás 14 horas os membros do Consello de Goberno e os centros poderán presentar achegas en formato de emenda ao documento básico adaptado polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. SUSPÉNDESE CONSELLO NESTE PUNTO. OS DEMAIS SERÁN TRATADOS O 12 de xuño ás 12, no que se reanudaré o Consello de Goberno (agás os punto 4 a 12, ambos inclusive).

4.- Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico para o curso 2020/21.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que indica que a modificación proposta consiste en adiar a data de apertura de actas da convocatoria extraordinaria de fin de carreira, inicialmente prevista para o 7 de setembro de 2020 ao 18 de setembro de 2020, por razóns técnicas que atinxen aos servizos de grao e posgrao así como aos servizos informáticos.

Apróbase a modificación proposta, por asentimento.

5.- Aprobación, se procede, das propostas de celebración de exames presenciais na convocatoria extraordinaria do presente curso académico.

O reitor expón as propostas que foron recibidas, e que foron aportadas co resto da documentación, por parte da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.

O reitor pide que figure na acta o agradecemento aos decanos e directores polo seu traballo e colaboración neste punto.

Iñigo Cuiñas aposta tamén por limitar a presencialidade e apoia a proposta. Solicita que, xa que os decanos e directores asumen a responsabilidade sobre os exames que se celebren no seu centro, teñan tamén as competencias para decidir sobre a organización dos exames, incluíndo a posible limitación ou suspensión se consideran que non se están a garantir as normas sanitarias das que se responsabilizan

No chat, Eva Lantarón agradece “la intervención de Iñigo Cuiñas. Mañana tengo reunión con el profesorado para llegar a un acuerdo sobre el modo de proceder. Y solicitaré firma por parte de alumnos y profesores de compromiso de cumplimiento de medidas de seguridad y requisitos que se adopten”.

Apróbanse por asentimento as propostas de exames tal como foron enviadas pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

6.- Aprobación, se procede, da prórroga extraordinaria das listas de agarda para a contratación de profesorado interino de substitución para o curso 2020/21.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Aclara cal é a normativa actual, que afecta as prazas futuras pero non as anteriores. A Asesoría Xurídica non ve problema e foi aprobada por asentimento na COAP e na Mesa de Negociación. Resolve o comezo do curso.

Apróbase por asentimento.

7.- Aprobación, se procede, do procedemento para a transformación dos contratos de profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino no curso 2020/21.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Explica que trátase dun procedemento habitual, que recolle un dereito garantido polo convenio colectivo, aprobado por asentimento pola mesa de PDI e pola COAP.

Apróbase o procedemento proposto por asentimento.

8.- Aprobación, se procede, de nomeamentos e de prórrogas de profesorado emérito.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para que expoña as propostas:

- Novas propostas: Antonio Vaamonde Liste (Estatística e Investigación Operativa). É felicitado polo reitor.
- Prórrogas: María Victoria Catalina Carballo-Calero Ramos (Historia da Arte) e Luis Fernando Romaní Martínez (Física Aplicada).

Apróbanse os nomeamentos e prórrogas de eméritos por asentimento.

9.- Aprobación, se procede, das actuacións previstas cara á realización de enquisas de avaliación docente do segundo cuadrimestre do curso 2019/20.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado.

Indica as características das enquisas que foron aprobados por asentimento na COAP e na mesa de negociación:

- Serán non presenciais (salvo as xa feitas).
- Só as xa planificadas.
- Voluntarias para o profesorado.
- Só as que o profesorado imparta a todos os alumnos (limitación técnica).

Así mesmo, incluírase unha cláusula correctora, co seguinte contido:

“No caso de que se detecte unha variación significativa entre os resultados das EAD correspondentes ao período de vixencia do estado de alarma e os correspondentes a cursos anteriores para algún profesor/a nalgunha materia, e que puideran considerarse atribuíbles á situación xerada polo tránsito á docencia virtual, procederase a modificar os resultado obtidos ata acadar unha situación semellante á de cursos anteriores, previo informe facultativo e non vinculante dos centros e/ou dos departamentos implicados. A tal efecto, considerarase que os resultados son significativamente distintos cando a media das puntuacións das preguntas da enquisa correspondentes ao informe do profesorado nunha materia sexa inferior á media das cinco últimas enquisas realizadas para ese profesor/a e materia, menos dúas veces a desviación típica.

No caso de que un profesor non teña enquisas anteriores para unha materia, aos efectos do contemplado no punto anterior utilizarase o promedio da súa avaliación en cursos anteriores”.

Apróbanse por asentimento as medidas cara á realización das enquisas.

10.- Aprobación, se procede, da modificación do acordo de Consello de Goberno de 11 de decembro de 2002 sobre a renuncia a quinquenios.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que explica que se trata de eliminar unha frase do acordo de xeito que quede como segue (retirando a expresión tachada):

“Os profesores que teñan avaliados positivamente seis tramos docentes e ~~huberan cambiado de Corpo ou Praza durante este período,~~ poderán solicitar a avaliación do sétimo tramo (e posteriores) facendo constar a súa renuncia a un tramo anterior xa recoñecido, no caso de obter avaliación positiva nesta solicitude”.

Apróbase a modificación do acordo por asentimento.

11.- Aprobación, se procede, da solicitude de modificación de oferta de prazas para o curso 2020/21 da titulación de Traducción e Interpretación.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que sinala cal era a oferta previa e como quedaría cara ao curso 2020/21.

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado explica cales son as circunstancias previas que rodean a esta cuestión. A titulación explicou a súa postura ao respecto, aprobada polo Centro, nunha reunión coa Vicerreitoría. Hai que agardar para comprobar se se trata dunha modificación da memoria, dependendo do que poida sinalar a ACSUG, nun informe que lle foi solicitado. Se se trata dunha modificación da memoria, habería que seguir outro trámite, o que podería condicionar a oferta do curso que ven.

José Francisco Montero concorda coa explicación do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Comenta que Traducción e Interpretación é un só grao e que cumpren coa oferta de prazas segundo as indicacións da Xunta. Defende a proposta aprobada polo Centro dadas as esixencias da Xunta. Lourdes Lorenzo intervéñ para apoiar a proposta e critica a actitude da Xunta de Galicia, xa que se estaba a traballar na modificación do título. Aprobaran unha proposta cara ao bilingüismo equilibrado, que reforzaría o papel da lingua galega. Quedan a espera do parecer da ACSUG.

Edita de Lorenzo pregunta se o poderíamos pospoñer para a semana que vén e que así dera tempo a que a ACSUG contestase, non parece tema menor que falte ese "detalle" da ACSUG. Manuel Ramos responde que os prazos son moi axustados e que é preferible non adiar este acordo.

Emilio Fernández declárase en contra do intervencionismo enfermizo da Xunta de Galicia, considerando a situación actual en que nos atopamos. Gustaríalle saber en que estudos basean as súas propostas. Parécelle que está a seguir unha política caprichosa e que deberíamos debater sobre estas imposicións da Xunta de Galicia. O reitor concorda con varias das opinións vertidas por Emilio Fernández e lembra certas negociacións coa Xunta. Manuel Ramos concorda con Emilio Fernández e co reitor.

José Francisco Montero agradece o apoio.

Apróbase a solicitude de modificación por asentimento.

12.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación da normativa de simultaneidade no que atinxe á matrícula en estudos de posgrao.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, que expón a proposta de modificación de dita normativa, cuxo artigo 7 quedaría como segue:

Artigo 7: “Poderán simultanearse dous másteres na Universidade de Vigo, sempre que o máximo de créditos matriculados nas dúas titulacións non supere os 78 ECTS. Como excepción, o estudantado ao que lle resten 18 ECTS e o TFM para rematar os seus estudos, poderá simultanear con outro máster no que resulte admitido. Para os efectos de simultaneidade de estudos de continuación de máster con outros estudos de posgrao, considérase que os estudos de continuación de máster non están sometidos a límite de prazas”.

Íñigo Cuiñas pregunta polo tipo da modificación. Natalia Caparrini aclara que só se refire ao punto 7.

Apróbase a proposta de modificación por asentimento.

Acórdase suspender o Consello de Goberno dado que son as 15:15. Retomarase o día 12 de xuño ás 12:00 h.

13.- Toma de postura sobre a iniciativa da Xunta de Galicia denominada Programa de transformación á docencia innovadora no SUG.

Retómase o Consello de Goberno que fora suspendido o día 2. Son as 12:00 h. do día 12 de xuño

O reitor explica as circunstancias relativas a este punto da orde do día, inicialmente solicitado á Secretaría Xeral mediante un correo electrónico remitido pola plataforma Ideas que Suman. Tras a intervención de Emilio Fernández, o reitor indica que non ten sentido abrir o debate.

Non cabe tomar postura respecto a esta iniciativa.

14.- Toma de postura sobre o Manifesto do Consello Social da Universidade de Vigo a favor das Universidades públicas e do sistema universitario de Galicia.

O reitor explica a xénese do Manifesto procedente do Consello Social, que foi sometido a exposición pública, recibíndose unha alegación, e solicita o apoio do Consello ao texto inicial. O reitor indica que é un manifesto que foi asinado por todos os membros do Consello Social e pide que sexa apoiado por asentimento.

Non hai intervencións. O Consello de Goberno adhírese por asentimento ao manifesto presentado.

15.- Delegación na COAP, se procede, da declaración de interese do Máster en Desafíos das Cidades Atlánticas, no marco do Proxecto POCTEP Universidades sen Fronteiras.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para que expoña este asunto.

Apróbase a delegación por asentimento.

16.- Nomeamento de PAS, estudantes e decanos/as e directores /as de centro para formar parte da Comisión de Política Lingüística.

O reitor cede a palabra ao director da Área de Normalización Lingüística, Fernando Ramallo, para que expoña esta cuestión.

Expón as bases do Regulamento de Política Lingüística, que é onde se recolle a membresía da Comisión. Expón quen son membros natos e indica que para cubrir o resto das prazas é necesario elixir, habendo seis candidaturas, a catro decanos ou directores. Sinala que debe haber paridade por xénero e campus. Nas candidaturas do alumnado hai tantos candidatos como prazas, polo que non é precisa a votación. As persoas candidatas son:

- ✓ María Jesús Barsanti
- ✓ Ana Iglesias Álvarez
- ✓ Gonzalo Méndez Martínez
- ✓ Jose Manuel Pacho Blanco
- ✓ Manuel Ángel Pombal Diego
- ✓ Susana Reboveda Morillo

Intervén Mar García Señorán indicando que no regulamento de réxime interno da súa facultade si está contemplada a dita comisión e que por iso propoñen a candidatura de Ana Iglesias Álvarez. Susana Reboveda intervén para retirar a súa candidatura, dado que está próximo o fin do seu mandato. Fernando Ramallo aclara a situación coa facultade de Ciencias da Educación de Ourense que explicara Mar García Señorán.

Prepárase a votación para catro prazas entre cinco persoas. Detéctase un problema técnico que se tentará de arranxar. Suspéndese momentaneamente a votación e se pasa á quenda de intervencións.

Reanúdase a votación ás 13.10 h., indicando os centros, a suxerencia de Mar García Señorán, que apoia Francisco Javier Rodríguez. Dos cinco deben saír elixidos catro.

- ✓ Escola Universitaria de Estudos Empresariais: 36
- ✓ Facultade de Ciencias da Educación: 35
- ✓ Facultade de Ciencias do Mar: 8



- ✓ Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo: 35
- ✓ Facultade de Bioloxía: 34

Quedan elixidos: María Jesús Barsanti, Ana Iglesias Álvarez, Jose Manuel Pacho Blanco e Manuel Ángel Pombal Diego.

17.- Quenda de intervencións.

Intervén Juan Pardo Froján quen pregunta pola posta en marcha dun mestrado da Universidade da Coruña sobre informática industrial e robótica, e constata a súa preocupación. Gustaríalle saber como se chegou a esta situación, tras o acontecido co grao en robótica para o Campus de Lugo da USC. Pregunta se xa é unha decisión consumada, xa que é un mestrado interuniversitario coa Universidade da Laguna (Canarias). Amosa o seu desgusto e preocupación pola celebración das probas da ABAU no seu centro. Pensa que é unha situación contraditoria e incoherente, dado que optaron pola non presencialidade, tendo que acoller agora un grupo de estudantes que deberían repartirse polos centros e non na súa Escola. O reitor sinala que a Universidade de Vigo forma parte da CiUGA e propúxose que o alumnado fose centralizado nas provincias de Ourense e de Pontevedra, así como que non se celebrasen nos recintos universitarios. O acordo inicial non foi posible, aínda que non subirán ao Campus de Vigo tantos estudantes. Vanse facer probas no Pavillón Universitario, na Facultade de Filoloxía e Tradución e tamén na Facultade de CC. Económicas e Empresariais, así como no Campus de Torrecedeira. As outras universidades da CiUGA si querían que as probas fosen celebradas nos recintos universitarios. Ofrece apoio nos temas de desinfección e de seguridade aos decanos e directores dos centros implicados. Tal vez haxa que repensar cara ao futuro o desenvolvemento deste tipo de probas. En relación co mestrado, Manuel Ramos responde que foi exposto ante a Secretaría Xeral de Universidades nunha reunión na que a Universidade de Vigo amosou o seu interese. A Vicerreitoría contactou coa Escola de Enxeñaría Industrial para que proporcionaran un nome de contacto cara a poder colaborar con este mestrado que aínda non respondeu. A Universidade da Coruña podería seguir disposta a

colaborar coa Universidade de Vigo. Juan Pardo indica que na reunión que se tivera coa Reitoría non interpretara que fora tan inminente a preparación do mestrado, e agora atópase cunha serie de feitos consumados. Pensaba que era unha posibilidade baixo análise. Tentarán de reconducir a situación de cara ao futuro. O reitor indica que a regulamentación a este respecto é clara, en relación coa implantación de títulos e o procedemento a seguir, e pensa que sería positivo que a Universidade de Vigo participase no mestrado.

Emilio Fernández fala sobre o relevo no cargo da dirección no AtlanTIC. Pregunta se hai un procedemento previsto a este respecto, para evitar situacións como a que entende que aconteceu, e que puido causar certo malestar e incluso prexudicar ao financiamento do centro. O reitor explica como se produciu este relevo, consonte á normativa vixente. Tratouse dun cesamento a petición propia e houbo que proceder á súa substitución. Evitaranse prexuízos en canto ao financiamento. Íñigo Cuiñas pregunta sobre os plans para o Campus de Especialización Vigo Tecnolóxico. Prega que, no caso de impoñerse o teletraballo, vaia acompañado de límites cara á conciliación e uns horarios laborais axeitados en canto a reunións, titorías, etc... Finalmente, sinala que ten sentido que o alumnado acuda ao Campus a realizar a ABAU, xa que é o primeiro contacto que abre as portas da Universidade a estes estudantes, o que supón un cambio nas súas vidas. O reitor indica que se

estudará o asunto da selectividade cara ao futuro, para evitar excesivos desprazamentos do alumnado. Este ano foi diferente dada a situación que estase a vivir, aínda que toma nota da idea de Íñigo Cuiñas. Respecto ao Campus de Especialización a idea é presentar os tres (Ourense, Vigo e

Tecnolóxico) xuntos. En realidade, segundo a convocatoria da Xunta só se pode presentar o Campus Auga agora mesmo. Vigo Tecnolóxico cumprirá os requisitos posiblemente ao longo de 2021. En relación co teletraballo, as condicións debateranse nas mesas de negociación, aínda que xa están previstas varias medidas. Logo traeranse ao acordo do Consello de Goberno.

Francisco Javier Rodríguez indica que na súa escola non se enteraron do mestrado en informática industrial que comentaba Juan Pardo e pide que haxa mellor comunicación a este respecto. Comparte a preocupación do director da Escola de Enxeñaría Industrial. Así mesmo, indica que non precisan renovar os equipos presenciais, pero que teñen que investir en software e servidores, para o que non teñen presuposto como Escola. Pide que se lles permita adaptar o orzamento actual dos centros, para garantir a axilidade no comezo do curso. Solicita, por tanto, que se reconsidera a redución da partida 626. O reitor indica que hai unha petición ao Ministerio sobre estes asuntos, o que se trataría no Consello de Goberno extraordinario pola tarde. Daráselle unha volta para ver como se poden solucionar os problemas que apunta Francisco Javier Rodríguez, que lle parecen importantes. Eva Lantarón e Íñigo Cuiñas apoian a proposta de Francisco Javier Rodríguez, así como Gil Garrote e Mar García Señorán.

Antonio Collazo pregunta se hai medidas para o asunto de compartir despachos presenciais. Comenta que moito persoal, sendo de risco, non o solicitou aínda que pensa que pode ser interesante coñecelo. O reitor contesta que hai un procedemento previsto, voluntario, a este respecto. Comenta as medidas cara ao uso dos espazos compartidos no comezo do curso, no que deberán colaborar os centros.

Xoán Cebro comenta polo chat: “o día 15 incorpórase presencialmente todo o persoal, salvo os de risco e os que teñan fillos menores o seu cargo. Tendo en conta esta volta á normalidade, compre retomar canto antes as negociacións pendentes entre a Xerencia e os órganos de representación. Asuntos de moitísima importancia para os compañeiros e compañeiras, así como para a Universidade. Pídolle ó equipo de goberno que retome as negociacións canto antes e que a Xerencia poña enriba da mesa de negociación un documento que recolla os asuntos prioritarios e calendario de negociación”. O reitor sinala que así se fará.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 h. do día 12 de xuño de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral